

O pecio de Escombreras.

Nos fondos da illa de Escombreras, as bocas de centos de ánforas semellan abrirse para contarnos historias de navegacións que nunca atoparon o camiño de regreso.

Estes naufraxios e os seus restos fálanlle a todo aquel que queira escoitar. Así dan conta da importancia comercial que tivo a cidade de Cartaxena.

E sen embargo, a súa elocuencia require de ouvidos expertos e adestrados na interpretación da linguaxe da historia. Unha linguaxe que ten un alfabeto composto por cordas e etiquetas; cuadrículas que acotan e sitúan os achádegos; notas que documentan detalles imperceptibles, non sendo para os ollos agudos dos arqueólogos submarinos, que saben que na escavación se pode perder información valiosa se non se traballa con mestría e precisión.

Os peixes curiosos achéganse á maraña, como se quixesen xogar á comba, ou quizáis vexan ameazadas a súa casa e a súa zona de xogos. Cando non sabes contar anos, non hai diferenza entre unha ánfora romana e unha pedra calquera.

Pero a mente humana valora os obxectos doutro xeito, a cotío polo tempo que pasou desde que afundiron no mar. E aquí temos unha proba: unha superficie de 26 por 28 metros, na punta noreste da illa. Trátase de dúas áreas de escavación duns cento corenta metros cadrados que compoñen o santuario de Escombreras. Nestes xacementos foron atopadas máis de trinta mil pezas que se adxudican a seis afundimentos.

A vida dunhas mans lonxanas crearon estas ánforas, que agora albergan e acubillan outras vidas. Epífitos sobre a historia. Minerais que estiveron vivos para o viño na baía de Nápoles, lucernas e lingotes de *Carthago Nova*, ánforas que gardaron salazóns e aceite, vaixelas da Bética e norteafricanas, cerámicas fenicias,... do 150 ou do último cuarto do século primeiro antes de Cristo, da segunda metade do século V ou a primeira do século VI. E unha vaixela almohade que, como os seus soberáns, buscaba, entre os séculos XII e XIII, a unidade en *Al-Andaluse* convertiuse en pezas partidas e esgazadas da súa esencia, mortas e soterradas nun lugar que non lles correspondía.

Agora, a ciencia e o empeño en saber, fan que as ánforas, os pratos e as vasillas saian do seu camposanto e conten as súas historias, as de persoas coa condición común de pasar por esta zona da península Ibérica en épocas e grande prosperidade.

Confinadas no Museo Nacional de Arqueoloxía Subacuática, estas pezas de Escombreras, o seu recordo e a súa historia, continúan a dotar a Cartaxena dunha inmensurable riqueza.